

# En Cuntis, a «Casa Grande do Cabido Vello»

HÉITOR PICALLO FUENTES

**Resumo:** Dúas foron as edificacións que en plena vila do Baño (Cuntis-Pontevedra) pertenceron aos señores do Couto do Viso (A Estrada-Pontevedra): unha vivenda ao pé da burga Lume de Deus e A Casa Grande do Cabido Vello. O último dos inmóveis, nalgún instante do medievo, debeu ser propiedade do capítulo catedralicio de Santiago, mais ambos os dous erguerónse sobre alicerces romanos. A do Cabido Vello, ademais, dispón dunha construción auxiliar na que, curiosamente, o ilustrado Xosé Cornide Saavedra atopa embutidas, por 1768, un par de aras dedicadas ás ninfas<sup>1</sup>.

Tamén resulta de interese a presenza dunha piscina neste mesmo inmóvel que, a teor da súa localización e a hidroxeoloxía do terreo, é posíbel que fose termal.

**Palabras clave:** augas termais, Cabido Diocesano, Cuntis, época romana, Galiza, Idade Media.

**Códigos UNESCO:** Arqueoloxía (550501), Historia Antiga (550401), Historia Local (550301), Historia Medieval (550403), Historia Moderna (550404).

## À Cuntis, le manoir du Vieux Chapitre

**Résumé:** Deux édifications qui étaient dans le centre de la ville d’O Baño (Cuntis-Pontevedra) ont appartenu aux seigneurs des Terres du Viso (A Estrada-Pontevedra): la maison au pied de la source Feu de Dieu et le manoir du Vieux Chapitre. Ce dernier bâtiment a dû appartenir au Chapitre de la Cathédrale de Saint Jacques pendant un certain temps au Moyen Âge. Cependant les deux bâtiments ont été élevés sur des vestiges romains. Celui du Vieux Chapitre, en plus, disposait d’une construction auxiliaire dans laquelle, curieusement, le savant Xosé Cornide Saavedra trouve emboutis, en 1768, une paire d’autels votifs dédiés aux nymphes.

Il est aussi intéressant de signaler la présence d'une piscine dans ce même édifice qui d'après sa localisation et l'hydrogéologie du terrain, il est possible qu'elle fût thermale.

**Mots-clés:** Chapitre Diocésain, Cuntis, eaux thermales, époque romaine, Galice, Moyen Âge.

É da nosa pretensión facilitar, por medio deste artigo, unha serie de datos históricos<sup>2</sup> que teñen que ver cun par de edificios localizados na vila de Cuntis (Pontevedra), hoxe desaparecidos da arquitectura urbana do municipio e

<sup>1</sup> Recibido: 26/12/2017 – Aprobado por revisión externa: 17/01/2018.

<sup>2</sup> Siglas: Arquivo da Catedral de Santiago (ACS), Arquivo da Catedral de Lugo (ACL), Arquivo da Deputación de Pontevedra (ADP), Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS), Arquivo Municipal de Cuntis (AMC), Arquivo do Reino de Galicia (ARG),

que nos pode axudar a comprender —en certo grao— o desenvolvemento desta vila mercé da presenza de augas minerais. Noutras investigacións xa achegamos determinadas referencias históricas e arqueolóxicas sobre esta urbe<sup>3</sup>, a mesma que moitos investigadores gustan de identificar coa antiga *Aquae Calidae* que, citada polo xeógrafo clásico Ptolomeo, se localizou no corazón da nación Celena.

As fontes das que bebemos para desenvolver este traballo brotan, maioritariamente, dos fondos do Arquivo do Pazo de Rubiáns (Vilagarcía de Arousa-Pontevedra)<sup>4</sup> e de toda a documentación que puidemos baleirar dedúcese que son dous os grupos de edificios totalmente diferenciados que, nas proximidades da actual Praza de Galiza —no medievo denominada da Vila— son motivo de interese por mor da existencia de augas termais na súa contorna próxima. Unha vivenda situada ao oeste da burga Lume de Deus e A Casa Grande do Cabido Vello son os inmóbiles que analizaremos, os cales, por contar con afloramentos termais nas proximidades, quizais se poderían ter fornecido deles para seren empregados (for de xeito lúdico, for de xeito terapéutico) nalgúnha instalación adxectiva. Malia que non son numerosos os documentos recompilados, cómpre analizalos dentro dun contexto arqueolóxico vinculado á romanización e ás infraestruturas balnearias erguidas nesa época clásica.

Alén disto, paralelo a este obxectivo discorre outro quizais non menos interante: coñecer parte dos bens arqueolóxicos atopados ao carón da «Casa Grande do Cabido Vello», inmóvel que en certo momento —abofé— debeu estar ligado ao capítulo diocesano de Santiago —de aí o seu nome. Por ser cualificado como «casa grande» entendemos que non só ten que ver coas súas dimensións —destacadas en comparanza con outros edificios da contorna— senón igualmente cunha estética singular e co status social dos seus posuidores. Por iso no Cabido Vello envorcaremos boa parte da nosa atención, iso si, sen desatender a esoutra vivenda que debeu ter o seu valor patrimonial.

Digamos, logo así, que intentaremos traer até estas liñas unha hipótese reconstrutiva da Praza da Vila de Cuntis, o aproveitamento inmemorial das súas augas termais e a compatibilización de usos e volumes duns edificios senlleiros na súa historia. Aínda que teremos moi presente a arqueoloxía

---

Delegación de Provincial de Cultura e Patrimonio-Xunta de Galicia (DPCP-XG) e Real Academia de Historia (RAH).

<sup>3</sup> PICALLO FUENTES, Héitor, *Cuntis na época romana*, Betanzos, 2016.

<sup>4</sup> O Arquivo do Pazo de Rubiáns está hoxe depositado no ADP.

do «casco histórico», mergullarémonos —de vez— en determinados fitos comprendidos entre os séculos que XV a XIX, momentos nos que ambas facendas fican en mans particulares, entre outras as de Simón Rodríguez, cóengo diocesano e reitor da Universidade de Santiago de Compostela. Con todo, non buscamos traer até aquí un elenco de datos biográficos sobre este personaxe tan interesante na historia compostelá, pois de seguro que ha agrumar con xeneroso detalle nas publicacións do investigador Arturo Iglesias Ortega. Velaí están obras tan relevantes e necesarias para comprender a organización do Cabido Diocesano como aquela titulada *La catedral de Santiago de Compostela y sus capitulares*<sup>5</sup>. Agardamos tamén con ansia o seu *Catálogo biográfico de la catedral de Santiago de Compostela*<sup>6</sup> que vai abrir curiosidades importantes para os investigadores e, incluso, achegar referencias documentais necesarias para fornecer de contextos rigorosos a aquellas publicacións que gusten de beber das fontes históricas.

Por outra banda, tanto a figura de Simón Rodríguez como as dos seus herdeiros, sucesores e antepasados xa quedaron perfiladas, en bo grao, polos historiadores Luís Ferro Pego e Xosé Manuel Bértolo Ballesteros. Colaboracións tiradas en xornais como *Capicúa*<sup>7</sup> e *Faro de Vigo*<sup>8</sup>, e en publicacións científicas como o *Boletín de Estudios de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia*<sup>9</sup>, acreditan a tales autores como verdadeiros entendidos na biografía de tal persoero, así como nas doutros vinculados ao señorío do Viso e da torre de Guimarei (San Xiao de Guimarei-A Estrada). Non debemos esquecer, asemade, as achegas que teñen ofrecido Iria Blanco Brey<sup>10</sup>, Eduardo Pardo de Guevara y Valdés<sup>11</sup> e outros historiadores.

<sup>5</sup> IGLESIAS ORTEGA, Arturo, *La catedral de Santiago de Compostela y sus capitulares: funcionamiento y sociología de un cabildo en el siglo XVI*, A Coruña, Diputación Provincial, 2012.

<sup>6</sup> IDEM, *Catálogo biográfico de la catedral de Santiago de Compostela: Dignidades, canónigos y racioneros del siglo XVI* (inédito).

<sup>7</sup> BÉRTOLO BALLESTEROS, Xosé Manuel e FERRO PEGO, Luís, «A Torre e Pazo de Guimarei», *Capicúa*, 5 de decembro de 2012.

<sup>8</sup> IDEM, «Novas aportacións á Torre de Guimarei», *Faro de Vigo*, 8 de xuño de 2014.

<sup>9</sup> IDEM, «La Torre de Guimarei (A Estrada)», *Boletín de Estudios de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia*, 10, 2012, pp. 219-248.

<sup>10</sup> BLANCO BREY, Iria, «S.O.S. Guimarei: A torre medieval que agoniza polo seu abandono», en *Historia de Galicia*, 22 de xullo de 2016 [en líneal]. (Disponíbel en: <http://historiadegalicia.gal/2016/07/s-o-s-guimarei-torre-medieval-que-agoniza-polo-seu-abandono/>).

<sup>11</sup> PARDO de GUEVARA y VALDÉS, Eduardo, «Escudo y linaje de la Casa de Guimarey», *A Estrada: Miscelánea histórica e cultural*, 3, 2000, pp. 35-56.

## CONTEXTO ARQUEOLÓXICO E ELEMENTOS DE CONFIGURACIÓN URBANA

Deixadasatrásestasliñasdexustificación, debemos sinalar que a vila na que se localizan ambos inmobles motivo de estudo —coñecida tamén coa denominación da vila do Baño— é un recinto que pouco a pouco configura o seu urbanismo en base a un feito primordial que ten que ver coa súa hidroxeoloxía: a existencia de augas termais no subsolo que, afloradas na superficie por medio de fontes, son usadas —cando menos— dende a época clásica. Para o aproveitamento das mesmas, coñecemos que canda os romanos doux son os recintos balnearios claramente diferenciados que se erguen, identificándose os restos dun deles debaixo das vivendas da antiga Rúa Real<sup>12</sup>, e as de aquelloutro —paralelo á marxe esquerda do río Gallo— nos predios que na actualidade se destinan ao Hotel da Virxe<sup>13</sup>. Como breve paréntese, vémonos animados a sinalar que este inmoble substituíu a aquela casa de baños homónima e antigo hospital de pobres que se abasteceu de auga termal para usos terapéuticos. Estes non só se dispensarían á veciñanza e aos visitantes, senón igualmente a todas as persoas que precisasen dun servizo asistencial ligado á beneficia<sup>14</sup>. Tal edificio hospitalario non ha ser o único vincellado á Igrexa Diocesana que puido dispor de augas termais, xa que ao longo deste traballo intentaremos demostrar que a Casa do Cabido Vello talvez gozou —outrosí— dese agasallo natural que en tempos remotos se creu que procedía das ninfas e doutras deidades acuáticas (se cadra *Coventina*<sup>15</sup>).

Por outra banda, o recinto urbano do Baño posúe, dende antigo, unha distribución más ou menos nidia e —como dixemos— sérvese de estruturas e edificacións romanas para erguer icnografías e alzados posteriores. Esta



<sup>12</sup> Hogano Rúa do Balneario.

<sup>13</sup> PICALLO FUENTES, H., *Cuntis na época [...]*, op. cit., pp. 162-196.

<sup>14</sup> Para desenvolver esta función, o hospital conta —durante a época moderna— co labor dos reitores da parroquia de Santa María dos Baños de Cuntis, mais este non será o momento no que nos introduzamos en asuntos tan gorentosos.

<sup>15</sup> em, pp. 44-48.

pequena vila subsiste ao longo do medievo e tanto é así que, alén dos templos relixiosos que dispón (durante a Alta Idade Media goza concretamente de tres<sup>16</sup>), conta con algunha praza, como a chamada da Vila, que hoxe coincidiría coa de Galiza. Non sobra facer memoria de que as xeografías cuntienses pasan a formar parte das institucións catedralicias compostelás mercé, fundamentalmente, das diversas doazóns que realizan a raíña leonesa Urraca e o seu neto Fernando II. Traspasado o señorío no século XII, han ser os prelados composteláns e a mesa capitular quen xestionen tales territorios<sup>17</sup>; de aí que poidamos comprobar, a teor do rexistrado nos Tombos de Tenzas da Igrexa Apostólica, como o beneficio parroquial de Santa María de Cuntis —ou mellor dito, de Caldas de Cuntis— fica en mans do cabido no século XIV. Por este motivo é evidente que debera existir na vila unha casa vinculada á devandita institución diocesana, mais resulta difícil rastrear —de momento— cando o cabido se desprende dela e, en consecuencia, a adquieren determinados particulares. Reproduzamos un parágrafo recollido nun dos sinalados tombos:

«Teença dos Préstamos e Beneficios de Jámome Sanches de Canas. Éstes son os prestamos e beneficios que Jácome Sanches de Canas, canónigo de Santiago, tivo e anexou aa mesa capitular de Santiago, os quales huuns en pos los outros son os seguintes [...]. \Santa María de Caldas/ Santa María de Caldas. Iten os dous tercios sencura de Sancta María de Caldas de Cuntis, que está enno arciprestadgo de Moranna, do arcidiagado do Salnés»<sup>18</sup>.

En atención á Praza da Vila, e durante o período moderno, podemos distinguir varios inmóveis de certa importancia arquitectónica e social. Ao leste deste paralelogramo irregular érguese unha casa-torre que foi propria da liñaxe dos Reino e —con posterioridade— dos señores do pazo do Preguecido (Santa María de Aguións, A Estrada)<sup>19</sup>; na zona do solpor fica a vivenda da familia Cadavide (orixinaria de San Xoán de Ceredo<sup>20</sup>) e a

<sup>16</sup> PICALLO FUENTES, H. e PICALLO FUENTES, Martiño, «O monacato medieval na historia de Caldas de Cuntis», *Museo de Pontevedra*, 56, 2002, pp. 36-53.

<sup>17</sup> IDEM, «A articulación do poboamento medieval na antiga Terra Termarum», *TAPA: Traballo de Arqueoloxía e Patrimonio*, 29, 2002, pp. 115-127.

<sup>18</sup> ACS, CF 17, *Tombo II de Tenencias*, ff. 209-212r.

<sup>19</sup> PICALLO FUENTES, H., ‘A Casa e torre da vila do Baño’, I, *Lecer, Galicia Hoxe*, 15 de xaneiro de 2006, p. 12; *ibidem*, II (22 de xaneiro de 2016), p. 12; *ibidem*, III (29 de xaneiro de 2016), p. 12; e *ibidem*, IV (5 de febreiro de 2016), p. 12.

<sup>20</sup> AMOR MORENO, G.; *Inventario. Pazos y Torres*, t. 7: ‘Pontevedra y Tierra de Montes’, Vigo, Asociación Amigos de los Pazos, 1985, pp. 34-35.

casa de baños e hospital da Virxe; cara ao norte existiron certas vivendas de relativa importancia e ao sur a Casa Grande do Cabido Vello e outro inmoble vinculado a este último. Estes dous edificios, situados antes de cruzar a ponte á man esquerda e que dispoñen as súas fachadas unha cabio da outra, ao longo dunha lonxitude non superior aos corenta e cinco metros<sup>21</sup>, son adquiridos polos señores do couto do Viso (A Estrada) na primeira metade do século XVI, aristócratas que gozarán deles, cando menos, até o abrete do século XIX.

Porén, a contorna urbana sofre varias remodelacións non só condicionadas polas «estéticas» dominantes en cada momento e os fluxos económicos e sociais, senón tamén por teren acontecido determinados sucesos que provocaron un seu rexurdir dende as cinzas. Isto ten que ver, evidentemente, co incendio da vila durante a Guerra Napoleónica que tanto dano ocasionou neste termo municipal e que non só se limitou ao saqueo de templos e á destrución de vivendas e outros edificios, senón tamén a reducir a borrallas todo o arquivo documental da antiga xurisdición dos Baños. Velaí que estes fitos históricos supediten en grao elevado a recompilación de textos e, como consecuencia, o coñecemento de espazos arquitectónicos e a súa vinculación con determinados aproveitamentos públicos e/ou privados, como pode ser o caso das fontes de auga termal.

## 2. OS SEÑORES DO COUTO DO VISO

O primeiro persoero vinculado ao couto xurisdiccional do Viso e que ten unha manifesta relación coas terras cuntienses é o rexedor pontevedrés **Xácome Rodríguez**. Este, que había ser o proxenitor do cóengo diocesano Simón Rodríguez, adquire o 21 de xaneiro de 1501 aquel lugar que dous anos antes mercara Lois Bermúdez de Castro e Aldao (señor das torres de Sebil<sup>22</sup>, Aldán<sup>23</sup>, As Xilgadas<sup>24</sup>, A Somoza<sup>25</sup>...) e a súa dona, María Siso<sup>26</sup>. Concretamente tratábase do lugar de Trasponte<sup>27</sup> que, ao oeste da vila do Baño, dispón de varias casas, cortes, bouzas, terras de labor e un muíño; patrimonio que

---

<sup>21</sup> Esta lonxitude é a que dista, aproximadamente, dende o frontal da Praza da Vila á zona de aluvión do río Gallo.

<sup>22</sup> Santa María de Cequeril (Cuntis)

<sup>23</sup> San Cibrao de Aldán (Cangas)

<sup>24</sup> San Tomé de Caldas (Caldas de Reis)

<sup>25</sup> Santo André de Vea (A Estrada)

<sup>26</sup> ADP, Rubiáns, U.I. 101, doc. 1: «Carta de venda entre Rui do Cádavo, fillo de Inés Goméz, e Lois Bermúdez».

<sup>27</sup> Lugar localizado na freguesía de Santa María dos Baños de Cuntis.

Xácome lle afora o mesmo día da súa adquisición ao matrimonio constituído por Álvaro e Mariña de Pereira. O contrato comeza así:

«Anno do nasçimento de noso Señor Ihesucristo de myll e quinientos e hun annos, veinte e un días, domingo, de Janeyro. Sabean todos quantos o presente contrabto de foro vieren como eu, Jácome Rodrigues, regidor da vila de Pontevedra, que son presente, e faço por min e meus herdeyros e para que la mellor forma e maneyra que poso e debo, con dereyto outorgo e conozco que aforo e dou por vía de aforamento a vós, Álvaro de Pereyra, labrador, morador ena freyquesía de Santa María de Caldas de Cuntys, que sodes presente, e a vosa moller Marina de Pereyra, que he absente, ben como se fose presente, doje presente día en diante, por tempo de vosas vidas, de ambos os dous e de cada hun de vós, et máys e alende do postromeyro de vós [...] de vosas tres vozes subçesivas e nominadas por horden hua en pos da outra [...] vos aforo todo o meu Casal de moyño de Trasponte, diezmo a Deus, sito ena dita freyquesía de Santa María de Caldas de Cuntys, con su moyño, casas, cortes, herdade, bouças, soutos e resyós brabas e mansas, a montes e a fontes, e segund que eu o dito Jácome Rodrigues oje presente día comprý de Loys Vermúdez, fidalgo, por ante o notario ynfraescrito [...]»<sup>28</sup>.



Torre de Guimarei (A Estrada).

Se nos servimos dos estudos que efectúan Luís Ferro Pego e Xosé Manuel Bértolo Ballesteros, debemos asegurar que Xácome adquiere en 1493 ospadroados de San Xoán de Santeles e Santo Estevo de Lagartóns, amais do goarentoso couto de Guimarei, tamén chamado do Viso<sup>29</sup>. Nel érguese a fermosa torre medieval que tantas veces debuxou Afonso Rodríguez Castelao e que, alén dun símbolo para A Estrada, debera ser igualmente unha icona relevante da arquitectura galega. O rexedor, únese en sacramento con Clara Sánchez (quen xa terá falecido en 1487<sup>30</sup>), aínda mantén relacións —outrosí— coa

<sup>28</sup> ADP, Rubiáns, U.I. 101, doc. 3: «Foro que el señor Jácome Rodríguez hizo a Álvaro de Pereira del casal del Molino de Trasponte, en Santa María de Caldas de Cuntis, ante Juan Fernández de Formigueiro, escrivano de Pontevedra, año de 1501».

<sup>29</sup> BÉRTOLO BALLESTEROS, X. M. e FERRO PEGO, L.; «Novas aportacións á [...]», op. cit.

<sup>30</sup> ADP, Rubiáns, U.I. 62, doc. 3: «Manda de Clara Rodríguez».

súa criada Catarina Rodríguez<sup>31</sup>. A proxenie está constituída polos seguintes membros coñecidos:

- a) Xácome (que dá conta das súas últimas vontades en 1504)<sup>32</sup>,
- b) Simón,
- c) Bartolomeu<sup>33</sup> e
- d) Gabriel Rodríguez, que é fillo natural<sup>34</sup>. No que afecta ao patriarca, este deixa ordenados os seus últimos desexos na vila de Pontevedra o 5 de marzo de 1518<sup>35</sup>.

### **Simón Rodríguez e Inés Sarmiento de Meira e Valladares**

Entre outros<sup>36</sup>, sucede nos patrimonios familiares Simón Rodríguez, un dos persoeiros más destacados da casa de Guimarei pois, alén de pertencer á oligarquía pontevedresa, xa que ocupa a rexedoría que outrora fora do seu pai, tempo máis tarde ha desempeñar a mesma responsabilidade na cidade de Compostela. Acordan os seus esponsais cunha filla de Tareixa de Meira (a quen lle pertencen os coutos de Meira e Saxamonte, entre outros) e García Sarmiento (señor de Sobroso e Salvaterra). Ela, Inés Sarmiento de Meira e Valadares, ha ser a proxenitora de tres fillos:

- a) Bartolomeu Rodríguez, que casa con María de Neira, e fica durante un tempo na Corte,
- b) Luísa Rodríguez de Sarmiento, muller de Roi Suárez Tanxil (señor de Bentraces e rexedor de Pontevedra) e
- c) María Rodríguez, que morre sen sucesión<sup>37</sup>.

Logo do pasamento de Inés, Simón toma hábitos eclesiásticos, ocúpase da asistencia do prelado Alonso de Fonseca (III), acada o posto de Xustiza

---

<sup>31</sup> *Ibidem*, doc. 10: «Testamento de Jácome Rodríguez, vecino de Pontevedra, otorgado en 1518. El Jácome fue padre del licenciado Simón Rodríguez, canónigo de Santiago».

<sup>32</sup> *Ibidem*, doc. 8: «Testamento de Jácome Rodríguez, El Mozo, hijo legítimo de Jácome Rodríguez, regidor de la villa de Pontevedra y de Clara Sánchez/, otorgado en 27 de Diciembre de 1504».

<sup>33</sup> Véxase a árbore xenealóxica que achegamos na última páxina.

<sup>34</sup> ADP, Rubiáns, U.I. 63, doc. 13.

<sup>35</sup> *Ibidem*, U.I. 62, doc. 10.

<sup>36</sup> Xácome Rodríguez, no seu testamento, indica, que quere que «Grabiel Rodríguez, meu fillo, axa, leve e herde para syempre esta miña casa de morada, con súa torre» en Pontevedra (*ibidem*).

<sup>37</sup> BÉRTOLO BALLESTEROS, X. M. e FERRO PEGO, L., «La Torre de [...]», op. cit., pp. 224-227. Véxase tamén a árbore xenealóxica que facilitamos ao final destas investigacións.

Maior da cidade e arcebispo de Santiago (1521)<sup>38</sup> e chega a vigairo de Alcalá<sup>39</sup> e da diocese de Toledo<sup>40</sup>. Polos anos trinta entra a formar parte do Cabido Compostelán, e do seu currículo de honores tamén podemos destacar a calidade de ter sido reitor do «colegio nuevo y universidad del Señor Santiago Alfeo», exercicio que desempeña dende o pasamento do anterior titular, Lopo Sánchez de Ulloa (1545), e até o ano 1551<sup>41</sup>. Pronuncia as súas últimas vontades o 26 de novembro de 1555 e nelas declara ser señor do «coto de Guimarei, con sus presentaciones de beneficios e patronazgos, e más el coto del Biso, que ube e conpre del señor Conde de Altamira, con la presentación e padronazgo de Santo André de Somoça»<sup>42</sup>. Como dato curioso non sobra afirmar que en vida de Alonso de Fonseca (III) resulta ser unha das persoas da súa máxima confianza, tanto é así que o nomearía albacea testamentario, feito que o mesmo Simón lembra nas súas vontades:

«[...] declaro que el Reverendísimo Señor Don Alonso de Fonseca, arçobispo que fue de las Santas Iglesias de Santiago e Toledo, que está en gloria, me mandó entender en el cumplimiento de su testamento e cobdiçillo, juntamente con algunos señores e personas que nonbró por sus testamentarios, e yo, como criado e syrvidor sujo e antiguo [...]»<sup>43</sup>.

<sup>38</sup> AHUS, Protocolos, Macías Vázquez, S-23, ff. 205r-206r e 239.

<sup>39</sup> FRAGUAS FRAGUAS, Antonio, *O Colexio de Fonseca*, Santiago de Compostela, Consorcio de Santiago, Instituto de Estudios Galegos «Padre Sarmiento» e Universidade de Santiago de Compostela, 1995, pp. 207-208.

<sup>40</sup> BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón, *Historia de la Universidad de Santiago de Compostela. De los orígenes al siglo XIX*, I, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2000, p. 81.


<sup>41</sup> BÉRTOLO BALLESTEROS, X. M. e FERRO PEGO, L., «La Torre de [...]», op. cit., p. 225.

<sup>42</sup> ADP, Rubiáns, U.I. 62, doc. 17: «Testamento del licenciado Simón Rodríguez, canónigo de la Santa Yglesia de Santiago, por el que entre otras cláusulas ratificó la fundación de la capilla de la Virgen y de los vienaventurados San Martín y San Cristóbal, en la iglesia de San Bartolomé de la villa de Pontevedra. También está unida una copia simple de algunas cláusulas de dicho testamento del licenciado Simón Rodríguez y del codicilo. Este licenciado Simón Rodríguez estubo casado con doña Ygnés Sarmiento, y después de viudo fue canónigo».

<sup>43</sup> *Ibidem*, U.I. 101, doc. 5: «Foro que el señor Simón Rodríguez hizo a Juan de Outeiro, de los Pardiñeiro, y casas en Caldas de Cuntis, ante Ares Buzeta, escrivano, año de 1551».

### 3. O CASAL DO BAÑO: UNHA VIVENDA AO PÉ DA PRAZA DA VILA

Alén das copiosas pertenzas que adquire por Compostela, Pontevedra e as terras da Estrada, Simón Rodríguez tamén consegue outras bastante significativas en Cuntis. Con independencia dos herdos que o seu pai lle entrega, entre os que está a casa e o muíño de Trasponte, mercé dun par de contratos obtén para si dúas vivendas urbanas cuntienses, unha delas de destacado porte arquitectónico e importancia patrimonial. Concretamente o 17 de maio de 1518 o licenciado Rodríguez merca a Afonso de Ribera e María González, veciños de Santa Baia da Portela, unhas casas principales, co seu celeiro e horta na vila dos Baños de Caldas de Cuntis. Estas —que se localizan na praza da Vila, ao pé burga Lume de Deus— procédenlle a María González por herdanza do seu pai, Xoán Salgado. Gustamos de facilitar as liñas más significativas do contrato de compravenda:



Baños dos Forniños segundo Vítor López Seoane (IJCEC).

«Sepan quantos esta carta de venta vieren como yo, Afonso de Ribera, e María González, su muger, vecinos de la feligresía de Santa Baya de Portela, que somos presentes, es a saver, yo la dicha María González, con liçençia, poder e facultad que pido e demando a bos, el dicho Afonso de Ribera, mi marido, que estáis presente, para que juntamente con vós pueda fazer e otorgar lo que adelante será contenido, e yo, el dicho Afonso de Rivera, digo que doy e concedo la dicha liçençia, poder e facultad a bos, la dicha María González, mi muger, para azer e otorgar lo que adelante fora contenido. E yo, la dicha María González, ansí rescivo la dicha liçençia e facultad. E por virtud della nós, los dichos Afonso de Ribera e María González, su muger, otorgamos e conoçemos que por nós e por todos nuestros herederos e subçesores desde oy, día de la fecha desta carta, para todo tiempo de siempre jamás, vendemos e damos en venta e por razón de venta, a vós el señor licenciado Simón Rodríguez, que estáis presente, para vós e para buestros herederos e subçesores, conviene a saver las nuestras casas, con su celeiro, huerta e salido que son sitas eno lugar do Baño de Caldas de Cuntis, acerca de la puente según se demarcan por la delantera de la Plaza del dicho lugar, e por do sale el agua caliente y van dar açima del pie de la dicha puente, e de la otra parte facia la iglesia de la dicha villa, con las cassas que fueron de Juan de San Martino, las quales dichas cassas, celeyro y huerta vos vendemos con todas sus entradas e salidas, e piedra e texa, e con todo lo a ellaz pertenesçiente, e por propias diezmo a Dios, según que a mi la dicha

María González pertenezen por parte e herenxa de Juan Salgado, mi padre, ansí de fecho como de derecho, e por precio e quantía de doze ducados de oro [...]»<sup>44</sup>.

Nas súas últimas vontades, Simón Rodríguez non se priva de lembrar a posesión de tales casas, desta volta cualificadas como O Casal dos Baños, que polos anos cincuenta ocupa Paio da Costa. Ademais engade que Xoán do Outeiro —zapateiro— goza duns pardineiros próximos (os que serían coñecidos posteriormente co nome da Casa do Cabido Vello):

«[...] y el Casal dos Banos, en que bibe Payo da Costa, porque paga dos cargas de pan mediado, mijo e centeno, por la medida nueba, e un carnero, e más los pardineiros do Baño, que trae Juan d'Outeiro, çapatero, morador en los Baños, porque paga una hanega de centeno en cada un año e un par de gallinas [...]»<sup>45</sup>.

Paio, a partir do ano 1543, obtén do cóengo O Casal do Muíño de Trasponte<sup>46</sup>; pero verbo do que se manifesta nun rexesto conservado entre os documentos do Arquivo do Pazo de Rubiáns podemos asegurar que tamén adquire o Casal do Baño, segundo o acordo establecido co declarado foreiro perante o escribán santiagués Gonzalo do Puñal en data que ignoramos:

«\Casal de Payo da Costa en los Baños de Cuntis/ A este Payo da Costa y a su muger le hizo fuero en liçençiado, mi señor, deste Casal por tres vidas y beinte y nuebe años, según pasó por ante Gonzalo Puñal, escribano y vezino de Santiago, por el qual an de pagar beinte y un celemín de pan medeado y un carnero, todo ello puesto y pagado a su costa [...]. El fuero dice que por la medida de Caldas pagaron quatorze celemines, que traen por la de la Plaça desta villa los dichos beinte y uno [...]»<sup>47</sup>.

Entre os anos 1588 e 1593 o casal está xestionado polos sucesores de Paio da Costa, concretamente por Domingos da Costa e un cuñado deste

<sup>44</sup> *Ibidem*, U.I. 101, doc. 4: «Venta que Afonso de Ribera y su muger hicieron al señor Simón Rodríguez de las casas, con su huerta y salido, en el lugar do Baño de Caldas de Cuntis, cerca del Puente, por ante [...] Juan López Ventosiños, escrivano de San Payo de Figueroa, año de 1518, cuio original pasó ante Juan de Riobó, escrivano de Santiago».

<sup>45</sup> *Ibidem*, U.I. 62, doc. 17.

<sup>46</sup> Neste documento indícase que Paio da Costa «[...] pretendía tener derecho al lugar e casal que se dice do Muíño de Trasponte, sito en la dicha feligresía, con su molino y heredades, deziendo que Pedro de Pereyra le avía nonbrado por tercera vos de cierto fuero que del dicho lugar tenía, de que la propiedad del hera, del dicho señor licenciado Simón Rodríguez [...]». Paio, que se aparta do dereito ao lugar e foro en favor de Simón Rodríguez, recibirá simultaneamente deste o gorentado contrato enfitéutico, concedéndollo —asemade— a Inés de Vilar, a súa dona, e tres voces máis. Vid. ACS, Protocolos, Pedro Lorenzo de Ben, P 015, f. 212.

<sup>47</sup> ADP, Rubiáns, U.I. 62, doc. 2, f. 51 r.

último<sup>48</sup>. Como comentario adicional non sobra indicar que no lugar no que se atopaba esta construcción se ergueron, no século XIX, aquelas casas de baños coñecidas co nome dos Forniños, as que se nutren de dous mananciais homónimos diferenciados polos cualificativos de Vello e Novo<sup>49</sup>. Desas instalacións, ademais de fotos históricas, consérvase algúns bosquexo da súa iconografía, no que se observan os seus «píos» destinados a usos terapéuticos. Tal esbozo, trazado pola man do naturalista Vítor López Seoane, custódiase nos fondos do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses.

#### **4. A CASA DO CABIDO VELLO**

A teor dos documentos anteriores e do que a continuación nos imos a referir, compróbase como Simón Rodríguez posúe un par de casas principais con varios grupos de edificios adxectivos que se disponen dende a Praza da Vila até o pé da antiga ponte, sendo a que fica máis ao oeste aquela denominada como A Casa Grande do Cabido Vello. Ben certo é, tamén, que esta denominación só a identificamos nos documentos que van do século XVI<sup>50</sup> ao XVIII, mais con todo outorgan unha clara vinculación do edificio coa época medieval.

#### **Durante os séculos XVI-XVIII**

Aínda que non se trata dun contrato de compravenda, o primeiro documento no que se verifica que a Casa do Cabido Vello xa está en posesión de Simón Rodríguez data 1551. Este adquiríraa tempo atrás de mans de Gonzalo da Ermida e tal edificio por aquela altura non deixaba de ser uns pardineiros (ou sexa, construcións antigas en estado ruinoso), os cales serán aforados por Simón, na referida data, ao matrimonio constituído polo zapateiro Xoán do Outeiro e María do Outeiro, a súa dona. A renda anual á que están suxeitos os beneficiarios é de seis celemíns de centeo e un par de galiñas, mais o foreiro tamén lles impón a condición de que «dentro de quatro años primeros siguientes aveys de corregir e llebantar en los dichos pardinerios una casa tellada de morada». Vexamos os parágrafos más relevantes deste contrato enfitéutico:

«Yn Dei nomine, Amén, año del nacimiento de nuestro señor Ihesus Chripsto de mil et quinientos e çincoenta et un anos, veinte et quatro días del mes de

<sup>48</sup> *Ibidem*, U.I. 62, doc. 2, f. 51 v.

<sup>49</sup> Os mananciais teñen unhas temperaturas de 59 e 45 graos centígrados, así como uns caudais de 2 e 0,2174 l/s, respectivamente. Esta información está extraída dos rexistros da Consellaría de Industria (Xunta de Galicia)

<sup>50</sup> Vid. ADP, Rubiáns, U.I. 56, doc. 2.

otubre, sepan quantos esta carta y contrato de fvero, çenso perpetuo que debe baler para todo tiempo de sienpre jamás, vieren como yo, el liçençiado Symón Rodrigues, canónigo de la Sancta Iglesia de Santiago que soy presente, non seyendo coustenido por fuerça ni endozido por engaño, antes de mi propia libre y espontania voluntad, y ago por mi e por todos mis herederos propincos et futuros, que después de mi benieren e susçedieren, otorgo e consoco por el thenor desta presente carta que aforo et doy en aforamiento et por razón de fvero, çenso, para todo tiempo de syempre jamás, a bos Juan d'Outeiro, çapateiro, vezino de la billa de Caldas Quntas, que estades presente, y a vuestra muger, María d'Outeiro, que está absente, como si fuese presente, y a todos vuestros herederos et susçesores después de bos descendientes, conbiene a saver lo que ansí bos afuero et doi en dicho aforamiento, todos los pardineiros et casas que yo he e tengo en la dicha villa de Caldas de Cuntes, segund que están e son sytas desde el capitel de el agua caliente de la dicha villa, asta dar en la puente de la dicha villa, los quales dichos pardineiros et casas yo compré a Gonçalo da Ermida, defunto, los quales vos afuero con toda su tierra, piedra et huertas, y entradas y salidas, a todo ello de derecho pertenesçientes, por los quales dichos pardineiros et casas, e lo a ello pertensçientes bos, el dicho Juan d'Outeiro y la dicha vuestra muger y erederos me aveys de dar et pagar a mí, y a los dichos mis herederos en cada un año de renta, canone e pensión, para todo tiempo de syempre jamás, seis celemines de çenteno, línpio y seco del polbo e paja, y medido por la medida derecha de Ávila, que hahora se usa en este reino de Galizia, y más un par de galinas, todo hello puesto e pago en cada un año en la casa que hizíeredes en los dichos pardineiros deste tiempo de nueblo de San Martino de cada un año, y ai condición que no me pagando la dicha renta et pensión dos años complidos uno e por otro que por el mismo caso syn otra sentencia ni declaración alguna, ayais perdido e perdáis todo et qualesquiera derecho que tengáis a este dicho fvero y a los bienes en el conthenidos, y eso mesmo ay condición que dentro de quatro años primeros siguientes aveys de corregir e llebantar en los dichos pardineros una casa tellada de morada, y ai condición que bos, el dicho Juan d'Outeiro, y la dicha vuestra muger y erederos non aveys de poder bender, dar, donar, tratar ny concanbiar ni en otra manera enagenar los dichos vienes que ansí bos afuero e doy en el dicho aforamiento a persona alguna, syn que primeramente lo requerais a mí y a los dichos mis herederos sy lo queremos por el [...]»<sup>51</sup>.

Dentro dos libros de rexistro do morgado de Guimarei, e nomeadamente naqueles nos que se dá conta de toda a relación de bens, obsérvase como esta facenda é gozada pola familia Outeiro durante bastantes décadas. Véxase nun deses rexistros:

«\Hoja de Juan d'Outeiro, çapatero/ A este Juan d'Outeyro hizo fvero el liçençiado, mi señor, de la casa y huerta del Cavildo Bello, sita en la billa de los Baños, según se contiene en la escriptura que pasó por delante de Ares Boçeta,

<sup>51</sup> *Ibidem*, U.I. 101, doc. 5.

escribano, vezino de Caldas de Reis, por la qual dicha casa, an de pagar los herederos deste Juan d'Outeiro seis celemines de centeno y dos gallinas por cada día de San Miguel de cada un año. Vive aora en esta casa un [...] hierno deste Outeiro [...]»<sup>52</sup>.

O inmobile, mercé do dereito a suceder no título foral, ocuparao con posterioridade Alonso do Outeiro («procurador general de la villa e juzgado de la vylla de Caldas de Cuntres»<sup>53</sup>) e logo del, entre outras persoas, a súa filla María do Outeiro e o marido desta, Tomé de Vilar, escribán de Gondar e Xeve (Pontevedra). Concretamente este membro da administración pública venderá en 1605 ao cordoeiro santiagués Marcos Fernández unha parte da Casa Grande do Cabido Vello, concretamente unha edificación anexa de tipo terreira<sup>54</sup>. O contrato, no que aparece por primeira vez a denominación de Casa Grande para o vello inmobile do cabido, comeza do xeito que aquí se reproduce:

«\Venta de Tomé de Villar a Marcos Fernández/ In Dei nomine amén, sepan quantos esta carta de venta, cesión e traspasación para siempre xamás vieren como yo, Tomé de Villar, vecino de la felegresía de Santo Andrés de Xebe, que soy presente, por mí e mis herederos e subcesores que después de mí binieren y subcedieren dende oy en adelante para en todo tiempo de siempre jamás, vendo y doy en venta a Marcos Fernández, cordonero, vezino desta ciudad, que está presente, para el y Catalina de San Xiao, su muger, e para sus herederos e subcesores, hes a saver que le doy en esta venta la mitad enteramente de la Casa Grande que fincó de Alonso d'Outeiro, defunto, sita en la villa de los Banos, junto a la puente de la dicha villa, que es la casa terrena que está junta y entesta con otra del dicho Marcos Fernández de a la parte del bendaval, y ba a luengo de otra casa mía en que bive Pedro Saborido, que esta no entra en esta venta, la qual dicha mitad de cassa terrena le bendo con su territorio, piedra, madera, alto, vaxo, con sus entradas y salidas, con más los robles que están junto a ella, que a mi me entró en partixa que hice con el dicho Marcos Fernández, en la partixa que hicimos de los vienes que fincaron del dicho Alonso d'Outeiro, defunto, y no entra en esta venta los robles que Fernando de Villar, mi padre, allí tiene, que él a puesto y plantado, que están juntos al dicho molino, lo qual todo que dicho es bos vendo por propio diezmo a Dios, según me pertenece e yo lo tube y eredé por donación que el dicho Fernando de Villar y María d'Outeiro, mis padres, me hicieron de los dichos vienes, y por precio e quantía de veinte y quatro ducados, que por ellos me dio e pagó el dicho Marcos Fernández [...]»<sup>55</sup>.

<sup>52</sup> *Ibidem*, U.I. 56, doc. 2.

<sup>53</sup> ACS, Protocolos, Xoán Rodríguez de Moíño, P 089, ff. 573r-574v.

<sup>54</sup> Vid. PICALLO FUENTES, H., *Cuntis na época [...]*, op. cit., p. 65.

<sup>55</sup> ACS, Protocolos, Xoán Rodríguez da Costa, P 126/2, ff. 14r-15v.

Así e todo, a operación de compravenda non resulta ser moi firme, pois tales bens serán motivo de acaloradas discusións que rematarán na Real Audiencia. A razón destas desavinzas non é outra que o feito de que os propios beneficiarios do foro —a familia dos Outeiro e os seus sucesores— vendesen o edificio, malia estar limitado no propio contrato de 1551 («non aveys de poder bender, dar, donar, tratar ni concanbiar»). Este conflito resólvese a favor dos titulares do morgado do Viso, ou sexa, dos descendentes de Simón Rodríguez, polo que han botar da Casa Grande aos anteriores inquilinos e procurar outros novos para que a ocupen. Velaí a razón pola que Antón Mosqueira Vilar e Pimentel, dono da torre de Guimarei<sup>56</sup>, lle arrendara esta casa a Gregorio Pego de Rebón e esixise que María García a deixase libre e desocupada, ademais de que retirase todo o que dela for. Antón pretende, así mesmo, pechar as portas da casa, pórle un candeado e arranxala, xa que estaba a piques de acontecer a súa derruba. Tal circunstancia despréndese do seguinte documento que leva data do ano 1628:

«Escrivano presente dadme por fe testimonio en manera que aga fee a mí, don Antonio Mosquera Villar y Pimentel deste requerimiento, y protesta que ago a María García, estante al presente en la mi casa de los Vanos, para que me la dejé libre y desenbarçada por avérseme entregado la posesión della por una executoria librada del señor assistente de Santiago y executada por Joan Lopes de Ventosinos, escrivano, que della y de todo lo a ella anexo me dio la posesión despojando a todos los que la thenían y pretendían derecho a ella, en virtud de lo qual la arrendé a Gregorio Pego, que la traýa por mí y en mi nombre, pagándome della quinze ferrados de pan y dos gallinas cada un año, como todo lo arriba consta de la executoria y arriendo presente que pido se lo notefique a María García, la qual dicha casa está para caerse, y quiero adreçarla y ponerle un candado. Y así le buelbo a requerir se aga algo si en en ella tiene de su azienda y me la dexے desocupada, con portestación que ago de cerrar dichas puertas y poner dicho candado, y que sea por su quenta y cargo todas las costas y danos que subcedieren por no dexarme libre dicha casa. Y desta protesta y requirimiento y notificación de executoria y arriendo pido al presente escrivano testimonio en pública forma y a los presentes ruego dello me sean testigos. Don Antonio Mosquera Villar y Pimentel»<sup>57</sup>.

Bartolomeu de Puga, escribán perante o que discorre o escrito antecedente, transmítelle a información a María García, quen sinala o 31 de xaneiro dese ano que non gustaba de tal resolución, tanto é así que afirma que nin tan

<sup>56</sup> Véxase a árbore xenealóxica anexa a estas investigacións.

<sup>57</sup> ADP, Rubiáns, U.I. 101, doc. 6: «\Baños, casa y huerta/ Protesta que hizo el señor don Antonio Mosquera Villar y Pimentel, para que se le dejase libre y desenbarazada la casa y huerta de los Baños. Ante Bartolomé de Puga, escribano, año de 1628».

sequera debía deixar libre a vivenda por pertencer aos seus bens dotaís. Velaquí a súa resposta:

«En la villa de los Baños de Caldas de Cuntis, a treinta y un días del mes de henero de mil y seiscientos e veinte y ocho anos yo, escrivano, de pedimento de don Antonio Mosquera Villar y Pimentel, entimé leý y declaré el testimonio antecedente a María García, viuda que fincó de Tomé de Villar, escrivano, en su persona. Y ansí mesmo le ize saber un arriendo que su merced dicho don Antonio Mosquera avía echo de dicha casa a Gregorio Rebón Pego, y una executoria que tenía de su merced el asistente deste arcobispado que dixo que ella estava anparada por sus vienes dotaes e mandado de los señores gobernador y oidores deste reino en la dicha casa, cortina y huerta \y otros vienes/ y dándole dello dicha posesión y reintrega y ansí no puede y quiere salir della, y esto respondió. Testigos Domingo Núñez do Campo y Joan d'Arca de Trasponte, y Pedro d'Arca, y Joan do Foxo y Gregorio de Rebón, vecinos y estantes en la dicha villa, y en fee dello lo firmo»<sup>58</sup>.

Case un ano máis tarde, aínda sen desembargar o inmóble, Antón Mosqueira —señor de Guimarei, de Vilar de Camba, Xubín e Vilar de Paio Muñiz, cabaleiro da Orde de Alcántara e Familiar do Tribunal do Santo Oficio da Inquisición do Reino de Galiza<sup>59</sup>— concédella a Domingos Núñez do Campo, membro da administración local cuntiense (concretamente é escribán da súa maxestade) e á súa muller Sabela López de Andrade<sup>60</sup>. Un fragmento dese contrato foral, que leva data do 6 de xaneiro de 1629, é o que así comeza:

«Sépase por esta carta como yo Don Antonio Mosquera Billar y Pimentel, señor de la fortaleza de Guimarei y sus tierras e jurisdicções, subcesor en el vínculo e mayorasgo que fundó el canónigo Simón Rodríguez de buena memoria, que soi presente por esta carta aforo y doi en aforamiento por razón de renta a Domingo

---

<sup>58</sup> *Ibidem.*

<sup>59</sup> PARDO de GUEVARA y VALDÉS, E., «Escudo y linaje [...]», op. cit., pp. 37-39.

<sup>60</sup> Domingos Núñez e a súa dona debían cumplir certas condicións que se especifican no contrato: «Y este dicho fuero le ago con las condiciones siguientes: que el dicho Domingo Núñez, a su costa, y por su cuenta, a de conponer con María García, viuda que fincó de Tomé de Villar, escribano, el pleito que con ella letigo y está pendiente delante de la Justicia de la dicha villa, en razón de la dicha casa y guerta, e la tiene de despoxar dellas, y azer a partir del dicho pleito; y además dello, a sus costa, como dicho es, tiene de cubrir y reparar la dicha casa de madera e texa, y lo mas nesçesario, la qual y la dicha huerta a de traer bien granxeadas y reparadas de todo lo nesçesario, avidas y reconocidos por mías y del dicho vínculo [...]. Vid. ADP, Rubiáns, U.I. 101, doc. 14: «Foro que el señor don Antonio Mosquera Villar y Pimentel hizo a Domingo Núñez do Campo de la Casa del Cavildo Viejo, huerta y pilo, ante Gregorio Núñez, escrivano de los Baños, año de 1629».

Núñez do Campo, vezino de la villa de Caldas de Cuntis, que está presente, para él e Ysabel López de Andrade, su muger, por las bidas de ambos a dos y demás, y aliende tres bozes que sean de seguir después de fenesçidas las dichas vozes, las quales dicho Domingo Núñez o la dicha su muger, el que postrero dellos se falesçiere a de nonbrar la primera, y la primera la segunda, y la segunda a la tercera, y la última boz la persona que de derecho heredare sus vienes y por el dicho tiempo de las dichas vidas, bozes y anos, *le aforo la casa que se dize do Cavildo Bello, sita en la dicha villa de Caldas de Cuntis, junto a la puente della, con la huerta y pilo que está junto a la dicha casa de la parte del vendaval, y con la loxe y cubierto que tiene dicha casa de la parte del nordés, según y de la manera que la traýa y poseyá Gregorio Pego de Rebón, de mi mano, con su alto y baxo, cerradas, entradas y salidas, e no entra en este foro las demás casas que están a la parte del lebante, que al presente trae Marcos Fernández, cordonero, con quien letigó pleito en razón della. Por la qual dicha casa y guerta dicho Domingo Núñez y las dichas bos, durante el dicho tiempo, me tienen que dar y pagar diez ferrados de pan mediado, centeno e mixo, por la medida de Ávila, en grano línpio y seco, bueno, de dar e tomar y dos gallinas madrizes de campo, buenas, o por ellas quatro reales en cada un ano. Y la primera paga a de ser para el día de San Miguel de Setiembre primero que viene deste presente ano, y por consiguiente las demás en el dicho día de San Miguel de setiembre de casa un ano, puesta en la dicha casa y fortaleza de Guimarei, a costa del dicho Domingo Núñez y dichas bozes, en los dichos términos y cada uno sin desuento alguno de la dicha renta»<sup>61</sup>.*

Deste escrito, ademais, dedúcese que a Casa Grande do Cabido Vello está ao pé da ponte do río Gallo, e que linda polo levante con outra ocupada polo cordoeiro Marcos Fernández («las demás casas que están a la parte del lebante, que al presente trae Marcos Fernández, cordonero»<sup>62</sup>).

Durante toda a época moderna este patrimonio pasa de man en man por medio dos titulares do vínculo do Couto do Viso<sup>63</sup>, mais no ecuador do século XVIII xorden de novo litixios coa posesión da facenda, pois dona Xosefa Caetana Pardo de Andrade e Moscoso, viúva do III Marqués de San Saturniño<sup>64</sup>, reivindicábaa para os seus fillos<sup>65</sup>. A razón non é outra que o pasamento, en 1758, de Xosé Antón Mosqueira de Soutomaior (II

<sup>61</sup> *Ibidem.*

<sup>62</sup> *Ibidem.*

<sup>63</sup> AMC, Expedientes Xurídicos, Termas, U.I. 2245/2 (10-12-1831)

<sup>64</sup> Xosefa Caetana estivera casada con don Xosé Xacinto de Quindós Andrade e Figueiroa. Vid. BUGALLAL y VELA, Jaime; «San Saturnino, Marquesado de», *Gran Enciclopedia Gallega*, 27, 1974, pp. 220-221.

<sup>65</sup> ARG, Real Audiencia, C. 25793 15.

Marqués de Guimarei<sup>66</sup>), que segundo parece morre asasinado na Congostra do Souto, non lonxe da súa torre estradense<sup>67</sup>. Así as cousas, a parentela —aproveitando a situación— pretende rapinar todo ben, título, beneficio ou dereito que o aristócrata posuíra en vida. Un deses casos, certamente sonado, foi o da devandita viúva:

«Jurisdicción de los Baños. Casa y guerta del Cabildo Biejo/. En testimonio dado por Juan Antonio Gayoso, recetor de la Real Audiencia de Galicia, egecutor que entendió en la Real Carta egecutoria espedida por S.E. los secretarios de dicha Real Audiencia a instancia de Don Antonio Mosquera en el año de 1758 como poder aviendo de Don Luís Mosquera, Marqués de Aranda, en pleyto disputado con Doña Josefa Cayetana Pardo, Marquesa viuda de San Saturnino, como tutora de sus hijos, sobre mención en posesión de los vienes del vínculo y pertenecientes a la torre y Marquesado de Guymarey, fincable de Don José Antonio Mosquera, su redonda y agregados, Orense, Allón y Pontevedra, cuyo testimonio es correspondiente al obrado cuanto al mayorazgo de Guymarey, y en el que se halla inserta la posesión dada al apoderado del señor Marqués de Aranda de la Casa y Guerta del Cabildo Viejo, sita en dicha parroquia de los Baños»<sup>68</sup>.

O litixio resolverase a favor de Lois Francisco Mosqueira e Aranda (III Marqués de Guimarei e III Aranda de Quintanilla), polo que estas posesións ficarán dende agora ligadas permanentemente a tales marquesados.

### A contorna arqueolóxica da Casa Grande do Cabido Vello

Retomando por un momento as nosas reflexións que se derivan daquel contrato foral de 1629, polo que se lle concede a Casa do Cabido ao escribán Domingos Núñez, debemos matizar varios asuntos. Por unha banda despréndese que os bens aforados constitúen un grupo de construcións anexas entorno á vivenda principal, unha área de cultivo e un «pilo» localizado na zona sur:

---

<sup>66</sup> Dicíase «Don Joseph Antonio Mosquera Sotomayor Pimentel y San Victores, Marqués de Guimarey y dueño y señor de dicha casa y thorre y fortaleza de la casa solar de Payo Muñiz, Cruz de Merca, señor de la jurisdicción y coto de el Viso, patrono insolidum de el beneficio curado y parroquiales iglesias de dicho San Julián de Guimarey y San Andrés de la Somoza, su anejo, que son de patronato laical, y anexa su presentación a dicha casa, torre y fortaleza citada de Guimarey, sus vínculos y mayorazgos». Vid. AHUS, Provisorado, Beneficial, G-2.

<sup>67</sup> BÉRTOLO BALLESTEROS, X. M. e FERRO PEGO, L., «La Torre de [...]», op. cit., p. 245.

<sup>68</sup> ADP, Rubiáns, U.I. 101, doc. 17.

«[...] le aforo la casa que se dize do Cavildo Bello, sita en la dicha villa de Caldas de Cuntis, junto a la puente della, con la huerta y pilo que está junto a la dicha casa de la parte del vendaval, y con la loxe y cubierto que tiene dicha casa de la parte del nordés, según y de la manera que la trayá y poseyá Gregorio Pego de Rebón [...]»<sup>69</sup>.

Mais as preguntas que xorden agora teñen que ver co feito de se esta última construcción —ou *pilo*— é unha piscina abastecida por auga termal e se existiu ou non durante o medievo. De ser así, tal «baño» debeu ser empregado polos cóengos catedralicios e, con posterioridade, por membros da aristocracia galega, da burguesía local e, inclusive, polos arrendatarios laicos que gozaron da propiedade. De principio podemos certificar que coa denominación «pilo» se alude a unha piscina que se aproveita das augas da contorna ou dos propios mananciais que alí manan. «Pilo», «pilón», baño, *bañadeiro* ou pozo son os termos cos que habitualmente se identifica até finais do antigo réxime, cando menos na vila de Cuntis, a estas estruturas balnearias.

En segundo lugar, consideramos que ese «pilo» puido ter un antecedente romano, apoiándose a nosa tese non só na existencia dun contexto arqueolóxico xeral da vila que así o podería evidenciar —e no que se localizaron numerosas estruturas balnearias da época clásica, tesouros numismáticos e outros bens culturais— senón tamén porque no predio dese edificio se identificaron no século pasado abundantes restos cerámicos (tégulas, ímbrices, ánforas...<sup>70</sup>), como achega Ana Filgueiras Rey:

«No decurso da prospección superficial para a elaboración da «Catalogación Arqueolóxica, documentación e delimitación planimétrica do Casco Histórico de Cuntis», elaborado por Ana Filgueiras Rey durante o mes de outubro de 1996, na finca do Barreiro atopáronse en superficie fragmentos de tegula, ímbrices, anacos de ánfora e diverso material cerámico de época romana. A súa concentración parece ser maior no entorno da burga «Fuego de Dios». Diminuíndo paulatinamente cara ó S. e SW»<sup>71</sup>.

Por se isto fose pouco, un par de documentos do século XVIII fornecen de xeito significativo o contexto arqueolóxico da Casa do Cabido Vello. O primeiro que queremos facilitar, de forma fragmentaria, procede dunha obra de Xosé Cornide Saavedra titulada *Memoria en que se procura investigar el*


<sup>69</sup> *Ibidem*, U.I. 101, doc. 14.

<sup>70</sup> PICALLO FUENTES, H., *Cuntis na época [...]*, op. cit., p. 28.

<sup>71</sup> Véxase tamén: DPCP-XG, Concello de Cuntis, cartf. GA36015011.

*verdadero sitio de la Silla Celenense e que se conserva na biblioteca da Real Academia de Historia. Nel, o propio autor, recorda como bate con dúas aras romanás dedicadas ás ninfas, polo que estimamos necesaria a reprodución duns parágrafos nos que se indica o motivo da súa visita a esta vila, que é o que dilucida da inspección do Baño da Virxe e outras cuestiós das que lle pareceu importante deixar constancia escrita:*

«El Baño de que actualmente se usa es un pilón quadrado en forma de lagar, y se halla dentro de una pequeña casa a teja vana, en que los enfermos padecen harta incomodidad, y aunque el citado Bedoya asegura tiene ayre de antigüedad, ésta según ha reconocido posteriormente, y me aseguró don Josef Cornide, no puede pude ascender a tiempo de los romanos, porque no descubrió vestigios que la caractericen de tal, los que a mi juicio no son precisos quando el hallazgo que en el año de 68 hizo el mismo señor Cornide desata la question decidiéndola enteramente a favor de este Pueblo»<sup>72</sup>.



Unha das aras atopadas por Cornide Saavedra (debuxo do autor).

<sup>72</sup> RAH, Biblioteca, ms. 09-05903, f. 13r e ss.

Tempo máis tarde certificaranse no baño da Virxe diversos vestixios de Roma (ofrendas monetais da dinastía Xulio-Claudia e da época de Diocleciano, tixolos *pedais* que formaban parte dun *opus latericum*...) o que salienta a importancia balnearia por toda a zona antiga da vila<sup>73</sup>. Continuando coa narración que Cornide Saavedra nos facilita, traemos en liñas sucesivas a situación na que atopa aqueles monumentos epigráficos, os que hoxe se conservan no Museo de Pontevedra, concretamente na sección lapidaria:

«Dice el expresado Cornide que en las inmediaciones de la casa del Baño hay otra casilla que sirve de Mesón, en que se aloxó pasando en dicho año por aquella villa; que ajitado de la sospecha de que por allí cerca podía estar el pueblo que dá motivo a este discurso, procuró reconocer la villa y sus contornos; pero que desengañado de no poder descubrirlos iba a montar a caballo, quando al vajar de un pequeño cuarto que tiene el expresado mesón, reconoció en uno de los pasos de su escalera algunas rayas que le hicieron dudar si serían letras, en cuyo pensamiento se confirmó luego que las hizo limpiar del polvo y lodo; pero no pudiendo descubrirlas a satisfacción, mandó desazer la escalera, y se aumentó la satisfacción al ver que en lugar de una se hallaba con dos piedras literatas, semejantes en la figura, y poco distintas en las inscripciones como se reconocerán por el siguiente diseño»<sup>74</sup>.

No que afecta á localización exacta do «mesón» que no parágrafo antecedente se nomea e no que se atoparon embutidas as pezas votivas — que evidentemente habían proceder da contorna máis ou menos próxima— consérvase outro documento no Arquivo da Catedral de Lugo, tamén da autoría de Cornide, que recompila xunto con outros escritos o cóengo Xosé Vicenzo Piñeiro e Cancio, baixo o título *Colección Diplomática y Memorias para la Historia de la Ciudad e Iglesia de Lugo*. Segundo este, a descuberta ten lugar o 18 xaneiro de 1768 na última vivenda que, ao saír da praza da vila cara ao oeste, se ergue ao pé da ponte á man esquerda, naquel mesmo edificio que por aquela altura se destina a mesón e que coincide sen dúbida coa Casa Grande do Cabido Vello<sup>75</sup>. Así queda recollido no manuscrito lúncense do que logo se ha fornecer Xosé Filgueira Valverde


<sup>73</sup> PICALLO FUENTES, H., *Cuntis na época* [...], op. cit., pp. 177-193.

<sup>74</sup> RAH, Biblioteca, ms. 09-05903, ff. 13v-14r.

<sup>75</sup> ADP, Rubiáns, U.I. 101, doc. 14: «[...] junto a la puente della... e no entra en este foro las demás casas que están a la parte del lebante [...]».

para publicar aquellas investigacíons sobre a forma na que foran descubertos tales monumentos votivos<sup>76</sup>:

«El día 18 de enero de 1768 descubrió esta inscripción con otra casi igual don Joseph Cornide en la feligresía de Santa María de Caldas de Cuntis, jurisdiccción del mismo nombre, 4 ½ leguas de la ciudad de Santiago, al mediodía. Hállose entallada en un pedestal de piedra de grano de quatro quartas y media de alto, quarta y media de ancho, y algo menos de grueso [...]. Estas dos piedras se hallaron enterradas en una casita junto a las burgas, y pegada a la del mesón, habrá unos cinco años, y oy servían de escaleras o pasos para subir al quattro del dicho mesón, que es la última casa del lugar, a la mano izquierda, queriendo entrar en el Puente, de donde las mandó sacar y colocar a la parte esterior del atrio de la iglesia dicho Cornide»<sup>77</sup>.



© Real Academia de la Historia. España

Aras atopadas por Xosé Cornide na contorna da Casa do Cabido Vello (debuxo do propio Cornide). Fondos da Biblioteca da RAH.

## Durante o século XIX, de casa grande a balneario

Continuando co relato cronolóxico, consideramos que é de destacada importancia sinalar o que acontece nas primeiras décadas do século XIX. Primeiramente non resulta complicado crer que o edificio do Cabido Vello

<sup>76</sup> FILGUEIRA VALVERDE, Xosé, «Cómo fueron halladas las aras de Cuntis», *Museo de Pontevedra*, t. III, 1944, pp. 232-233.

<sup>77</sup> ACL: PIÑEIRO e CANCIO, Xosé Vicenzo (recompilador), *Colección Diplomática y Memorias para la Historia de la Ciudad e Iglesia de Lugo*, t. 5, ff. 333r-334r.

puidese padecer as consecuencias da batalla contra as tropas napoleónicas, de aí que sufra diversas remodelacións. Unha das últimas acontece pola década dos anos trinta do século XIX. Posibelmente recomendado polo egrexio director médico Manuel Xacobe Fernández Mariño, así como por outras institucións, este e outros inmobles comezan a ser remodelados para usos balnearios. Consecuencia disto é que dende entón o edificio perda a denominación orixinal para absorber, en consecuencia, as dos seus baños: O Baño da Eira Nova e o da Eira Vella. Estes, ademais, posibelmente lles procedesen das designacións homónimas dos mananciais que abastecen os establecementos terapéuticos<sup>78</sup>.

Nesa década, e máis concretamente en 1831, os inquilinos das casas da Eira e dos Forniños aínda lle pagan de pensión ao «Marqués de la Torre de Guimarey 20 concas de pan mediado y la tercia parte de una gallina». E así, en certo escrito que leva data do 10 de decembro dese ano, fica claro que ambos inmobles (denominados no seu día como a Casa Grande do Cabido Vello e o Casal dos Baños) posuiron as súas respectivas piscinas termais. Velaquí queda expresado neste significativo parágrafo:

«\Baños/Yten lleba más la tercia parte que le corresponde en los Baños Nuebos y Biejos de la Hayra, por su difunta madre, y dicha tercia parte la lleban entre los 4 hermanos a partes iguales, en tasa de la parte de cada uno 11.666 reales, 23 marabedís.

Ydem lleba más en el Baño del Horno, pegado en la casa en que viven, la cuarta parte por ser todo de su difunta madre, en tasa de dicha 4<sup>a</sup> parte 8220 reales.

Asimismo lleba más la 4<sup>a</sup> parte de la Hayra de Magar, y le corresponde 7 baras y media, quedando el sitio para hacer un muro, dejando el camino de los Baños libres para también servirse su ermano Josef para su casa, y dicho muro de la hayra es de cuenta de los 4 hermanos, estimada dicha 4<sup>a</sup> parte de la Hayra en 150 reales.

Ytem lleba más la 4<sup>a</sup> parte del Horno, con sus canterías, teja, maderas y erraguez, su tasa de dicha 4<sup>a</sup> parte 140 reales, con la condición que quedan los 4 hermanos sujetos a defender el pleito de 3 retales de tierra en dicha Hayra que han bendido sus curmaos, D. Antonio y su ermano Juan Darriba, a Diego Rial.

De la misma manera es condición que los caños del hajua de los manantiales han de susistir en las casa, en donde se encuentran, sin que ninguno de los hermanos le haga daño ni pueda perturbarlos, siguiendo sus conductos como lo hacen hasta haora»<sup>79</sup>.

<sup>78</sup> A burga da Eira Vella ten unha temperatura de 33 graos centígrados e un caudal de 2,2 l/s; a da Eira Nova de 37 graos e 0,1 l/s. Datos recollidos nos rexistros da Consellaría de Industria (Xunta de Galicia).

<sup>79</sup> AMC, Expedientes Xurídicos, Termas, U.I. 2245/2 (10-12-1831).

Xa daquela preténdense arranxar ambos inmobilés e os seus respectivos «bañadeiros», por iso suxíresenos importante facilitar aquel oficio que o médico Ramón Sancho lle envía ao Subdelegado de Fomento da Provincia de Pontevedra, con data do 6 de maio de 1834. O seu obxecto é impulsar as referidas restauracións, que se obrigue a sanear as augas termais e se capten outras para as novas explotacións, non tendo estas augas xeralmente donos particulares e pois son propias do común na súa maioría:

«Señor Subdelegado Provincial de Fomento de la Provincia de Pontevedra.

En el estado de abandono en que se hallan los baños de Caldas de Cuntis, y principalmente los llamados de la Era, cualquier perfecto o mejora debe proporcionar ventajas de consideración, pero es preciso confesar que las propuestas en el plano que V.S. me consulta está muy lejos de ofrecer las que indiqué a V.S. en informe del mes de Febrero último. Lo único que con esta obra se adelanta ese el proporcionar a los enfermos concurrentes alguna más decencia y abrigo; en lo demás los pilones o bañaderos quedan en el mismo estado: amontonados, como hasta aquí los enfermos tendrán en lo sucesivo que tomar los baños, y no procurando aumentar algún tanto los manantiales, y dejar mejor disposición a los pilones, estará el agua tan inmunda y asquerosa como siempre.

Lo primero que en mi concepto debía hacerse es el reconocimiento facultativo por un yngeniero hidráulico, y que no careciese de conocimientos mineralógicos, para ver si la situación y dirección de estas saludables aguas permitían practicar algunos ensayos para conseguir el aumento de sus manantiales, en cuyo caso las ventajas serían mucho más positivas.

Las mejoras de que se hace mérito en el plano adjunto están limitadas a los baños de la Era, y nada se dice acerca de las que podían hacerse con las aguas de elevada temperatura que tan abundantemente manan en el pueblo de Cuntis. De estos perfectos y mejoras hice a V.S. relación en mi citado oficio del mes de Febrero, y no dudo que un empresario de algunos fondos podría hacerlos, construyendo la estufa y baño de chorro, con las comodidades que indispensablemente requieren estos edificios. Para ésto en nada había que atacar la propiedad particular, pues no la tienen la mayor parte de las fuentes o manantiales calientes, y podía preferirse el empresario que más ventajas ofreciese en beneficio del procomunal de la doliente humanidad.

Estos proyectos y qualquiera otra innovación que se trate de hacer, me persuado sea necesario elevarlo a consulta de S.E. la Real Junta Superior Guernativa de Medicina y Cirugía del Reyno, por ser la Ynspectora y Directora General de este ramo, según el reglamento del mismo.


En todo lo demás, que sobre este particular pueda decirse, me remito al ya citado informe.

Pontevedra, Mayo 6 de 1834

Licenciado Ramón Sancho»<sup>80</sup>.

---

<sup>80</sup> ADP, Sanidade, U.I. 444, doc. 1.




Baños das Eiras (proxectados por Manuel Campos).

Non temos constancia certa de quen reconstrúe o inmoble das Eiras, porén os seus respectivos píos (ou piscinas) son proxectados polo mestre de obras Manuel Campos, tal e como se pode observar nas imaxes que se facilitan<sup>81</sup>.

Até aquí estas achegas sobre a Casa Grande do Cabido Vello e outros inmóbiles cuntienses que foron do haber dos señores do couto do Viso, edificios hoxe inexistentes que —ateigados de historia— ergueron as súas estruturas sobre alicerces romanos. Estas investigacións, non concluídas, poden axudar a entender certas singularidades da citada urbe e albiscar, entre as arestas dos perpiaños da historia, o contacto que Roma deixou nunha das súas «cidades da auga» (en verbas de Silvia González Soutelo); cidade, a cuntiense, que regala —de cando en cando— monumentos epigráficos e restos de construcións pretéritas que engrandecen o acervo cultural galego, patrimonio colectivo que sen miramentos todos deberíamos protexer e conservar.

<sup>81</sup> *Ibidem.*



- 1 Burga Lume de Deus**
- 2 Localización do antigo Hospital e casa de baños da Virxe**
- 3 Predio da vivenda dos Baños**
- 4 Predio no que se ergueu a Casa Grande do Cabido Vello**
- 5 Predio do "pilón" ou "pilo" termal**

Localización na que se atopaban os inmobilés citados.

## ÁRBORE XENEALÓXICA

